# Medios

## TVG estrea 'Luci', con Nunci Valcárcel como protagonista

### Dirixida por Jorge Coira, esta comedia de situación céntrase na historia dunha muller normal, cos seus problemas e ilusións

**MARIO ÁLVAREZ**
*Santiago*

Os espectadores da Televisión de Galicia coñecerán esta noite a *Luci*, a protagonista dunha comedia de situación que leva o seu nome e que a canle autonómica estrea hoxe, dirixida por Jorge Coira (responsable de filmes como *O ano da carracha* e *18 comidas*) e con Nunci Valcárcel (a irmá de Carmelo na serie *Matalobos*) como actriz principal.

Luci é unha muller normal, ten 37 anos, un posto de traballo nunha das brigadas de mantemento de parques e xardíns da cidade, un piso coa hipoteca a medio pagar, un fillo, un ex marido e unha irmá coa que fala por teléfono todas as noites. Luci é loitadora e botada para adiante. Ten a capacidade de plantarlles cara ás dificultades da vida e de sacar o positivo das malas experiencias: a separación matrimonial, o irregular rendemento académico do fillo, a adaptación a un xefe novo no traballo, a dificultade de ligar cando se perdeu o costume, etc.

Luci é boa xente, alegre e amiga dos seus amigos, pero é mellor non tirarlle do xenio. Sabe que nin a vida nin ela son perfectas. E menos mal, porque de selo, o mundo sería moi aburrido.

Esta comedia realista, con aire documental na súa posta en escena, conxúgase en primeira persoa, pero tamén conta coa participación doutros personaxes como Hadrián, o fillo preadolescente de Luci, interpretado por Darío Loureiro; Beto, o ex marido paspán en plena crise dos corenta, a quen lle dá vida Santi Prego, e Sole, a irmá pequena que exerce de irmá maior, en cuxa pel se pon a actriz Eva Fernández.



Os tradicionais peliqueiros de Laza. *Foto: Ramón Busto*

**'A revista' estará en directo na tradicional 'Farrapada' do Entroido de Laza**

**O escritor Santiago Lopo falará da súa obra 'Hora zulú' en 'ZigZag diario', na G2**

Por outra parte, este luns de Entroido será un día de festa absoluta no programa *A revista*, que asistirá a algunhas das manifestacións máis singulares desta celebración na nosa comunidade. Así, o espazo da TVG desprazarase en directo ata Laza, un dos vértices do triángulo máxico ourensán, para vivir en directo o *Luns Borralleiro*, un dos días grandes deste Entroido, declarado Festa de Interese Turístico de Galicia. Desde primeiras horas da mañá, a afluencia de curiosos enche as rúas e prazas da vila para participar na *Farrapada*, unha especie de combate en que os participantes se lanzan trozos de tea mesturados con bulleiro.

Os espectadores da Galega tamén poderán coñecer hoxe o Entroido do Hío, o máis orixinal da comarca do Morrazo e un dos máis singulares de Galicia.

O escritor vigués Santiago Lopo acode esta tarde ao *ZigZag diario* para falar da súa terceira obra, *Hora zulú*, gañadora do García Barros. Nesta novela que racha barreiras, animándonos a soñar e a visitar o outro lado da nosa conciencia, Lopo propón unha fonda reflexión sobre o gran tema da literatura: a existencia e o paso do tempo.

## La gestión privada de las autonómicas puede, según Secuoya, bajar sus costes

**El presidente del grupo habla de un ahorro de hasta el 60% con esta fórmula**

***Madrid.*** La gestión privada de las televisiones autonómicas puede llegar a reducir hasta un 60% en algunos casos sus costes y aún así seguir siendo rentable para las empresas que se encarguen de prestar servicios a estos entes, aseguró en una entrevista a Europa Press el presidente del grupo Secuoya, Raúl Berdonés.

La drástica caída de la publicidad en las autonómicas, sumada a la modificación de la Ley Audiovisual aprobada por el Gobierno para flexibilizar los modelos de gestión de estas cadenas, permitiendo de facto la entrada de empresas privadas, ha disparado la competencia entre productoras como Secuoya, Mediapro o Vértice 360 para ganar los concursos abiertos por algunos canales para intentar reducir sus gastos.

"En algunos casos creemos que podemos mantener los ratios de audiencia con un ahorro directo de más del 60%", señaló el presidente de Secuoya, que se declara un "acérrimo defensor" del modelo de servicio de proximidad que ofrecen las cadenas autonómicas. Los entes de Mallorca y Murcia ya han contratado sus servicios, y adelantó que si finalmente Telemadrid, Canal Nou o TV3 presentan concursos para externalizar servicios, también se presentarán.

"Nos presentaremos a todos los concursos de externalización, tanto de contenidos como de servicios, siempre que sean coherentes", señaló Berdonés. "Si las autonomías se vuelven locas y piensan exigir algo que no da un margen de alrededor del 12 por ciento, pues no será rentable, pero vemos que las televisiones han hecho muy bien sus deberes en estos meses atrás y están sacado unos pliegues muy ajustados a la realidad", subrayó.

Indicó que los concursos que las autonómicas publican incluyen condiciones "muy ajustadas al nuevo modelo productivo". **E.P.**

### UN 4,5% DE 'SHARE' EN LAS AUTONÓMICAS

**●●●El presidente de Secuoya indicó que "en época de bonanzas" se ha producido una "sobredimensión de estructuras importantísima", contratando a personas "cada vez que llegaba un gobierno nuevo", y peleando por derechos deportivos que "a veces no les sale rentables ni a las cadenas nacionales". "Una autonómica no tiene que pelear por el 'share'. Tiene que tener una media del 4,5% y hacer contenidos de cercanía", consideró.**

## Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, en 'Caixón de sastre'

**RADIO OBRADOIRO** A presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharaui falará este luns en *Caixón de sastre*, o magacín matutino de **Radio Obradoiro**, da campaña deste ano do programa Vacacións en paz. A crise económica e o conflito que se vive en Mali son dúas das cuestións que Olga Vilar abordará con Maite Isla. En clave política, os convidados hoxe deste espazo serán o portavoz do PSOE en Compostela, Francisco Reyes, e o voceiro do Partido Popular en Brión, Carlos Tomé. Sandra Romero achegarase á Biblioteca Pública da capital galega Ánxel Casal, para falar coa súa directora, Carina Fernández, do ciclo de cinema mudo do que poderemos desfrutar durante este mes. A actualidade de **Radio Obradoiro** pode seguirse na web www.radioobradoiro.com, e tamén a través de facebook e twitter. **REDACCIÓN**

**LO MÁS VISTO EN LA WEB**

1. El 'banco malo' vende en la comarca de Terras de Santiago pisos sin estrenar por debajo de 40.000 euros
2. Baltar: "El expediente de despido colectivo en la Diputación de Ourense es una medida de futuro dolorosa"
3. Registro policial en el Pazo de Raxoi para rastrear correos electrónicos
4. Unanimidad en el Consejo de Administración del Grupo Correo Gallego para ampliar capital
5. ¡Ojo, sus ruedas corren peligro!
6. Desfile de máscaras al sol y muchos premios en la capital gallega

## Roko, Valls y Diges se la juegan en 'Tu cara me suena'

**ANTENA 3** El programa *Tu cara me suena* llega hoy en Antena 3 a su gran final con el actor y presentador Arturo Valls imitando a Sabrina y los cantantes Roko y Daniel Diges emulando la voz y la interpretación de Shirley Bassey y Plácido Domingo, respectivamente. Una elección realizada a cargo de los propios concursantes. **EFE**

**AUDIENCIAS**

**Cuotas de pantalla febrero 2013**

